

<b>FICHA DE PROGRAMACIÓN</b>			
<b>OBRADOIRO DE FORMACIÓN DE TITORAS XERENCIAIS EN EMPRESAS DA ECONOMÍA SOCIAL</b>			
<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	<b>3, 4, 7 e 8/05/2018</b>	<b>DURACIÓN</b>	<b>20 HORAS</b>
<b>HORARIO</b>	<b>9:30 – 14:30 horas</b>		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE A CORUÑA, RÚA EDUARDO PONDAL, 8, BAIXO, SANTIAGO DE COMPOSTELA		
<b>Persoa de contacto</b>	<b>ROBERTO ANDRÉS SANMARTÍN</b>	<b>teléfono</b>	986 866 149
		<b>e-mail</b>	roberto@espazo.coop
<b>OBXECTIVOS</b>			
<p>Achegar o modelo cooperativo e das empresas da economía social e as súas características básicas e diferenciadoras a persoas con formación en xestión empresarial.</p> <p>Sentar as bases dunha axeitada función xerencial nas cooperativas e empresas de economía social. A mosar dende a práctica as condicións necesarias para a xestión deste modelo.</p> <p>Contribuír a que se coñeza e valoren as cooperativas e as empresas da economía social e as súas achegas sociais e económicas.</p> <p>Dar a coñecer os recursos e ferramentas ao dispor das persoas socias e dos equipos técnicos das cooperativas e empresas da economía social.</p> <p>Cubrir as necesidades formativas de persoas candidatas a bolsa, para unha estada en prácticas na área xerencial dunha cooperativa ou empresa da economía social.</p>			
<b>PROGRAMA</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Módulo 1.- Formación Cooperativa Básica.</li> <li>• Módulo 2.- Habilidades Sociais e Organización Societaria en cooperativas.</li> <li>• Módulo 3.- Plan de Mellora e Recursos disponibles</li> </ul>			
<b>CONTIDOS</b>			
<p><b>1ª sesión.</b> A economía social, unha forma propia de facer empresa. Especificidades das empresas da economía social, nomeadamente da fórmula cooperativa. Características básicas. O marco: As empresas de economía social en Galicia. Plan Estratéxico do Cooperativismo. Casos de boas prácticas. O Organigrama. Os órganos rectores. O papel de empregado/a e xefe/a. Casos prácticos.</p> <p><b>2ª sesión.</b> As habilidades sociais para a cooperación. A toma de decisións cooperativa. O liderado nas cooperativas e empresas da economía social. Comunicación, empatía e asertividade. Organización cooperativa. Diferenciar a dimensión societaria e produtiva. Coñecer a realidade organizativa das cooperativas galegas. Coñecemento dos órganos sociais e do seu funcionamento práctico. A función xerencial en relación aos órganos sociais. O Regulamento de Rexime Interno. Asembleas e xuntanzas.</p> <p><b>3ª sesión.</b> A área comercial e de mercado e área económico-financeira. Produto, prezo, clientes, provedores, competidores, a intercooperación. A realidade da economía social neste ámbito. A ferramenta de plan de mellora aplicada a este ámbito. Casos prácticos. Especificidades. A contabilidade e fiscalidade. As contas previsionais (resultados e tesourería previsional). Casos prácticos.</p> <p><b>4ª sesión.</b> A planificación estratéxica e ferramentas para o plan de mellora. e Misión, visión, obxectivos. Diagnose para a mellora. A capacidade emprendedora. A xestión do cambio. A matriz estratéxica. Ferramentas de participación para a definición de obxectivos. Casos prácticos: DAFO inicial. Lista de chequeo. Aplicación práctica da ferramenta de mellora, en relación coas áreas de comercialización, económico-financeira, organización interna e planeamento. Recursos para as empresas da economía social.</p>			
<b>METODOLOXÍA</b>			

Experiencial, activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de acción, reflexión e debate.

A acción formativa configúrase en 4 sesións de 5 horas de duración cada unha. En cada sesión traballarase sobre unha habilidade específica, desenvolvendo dinámicas e actividades colaborativas e contextualizando a actividade no marco da xestión da cooperativa.

#### DIRIXIDO A

Dirixido ás persoas que participen no proceso de selección para cubrir as bolsas para as titorías xerenciais en empresas da economía social.

Grupo mínimo: 12 persoas

Grupo máximo: 20 persoas